



Praza do Matadoiro. Vista xeral da proposta de acceso ao parque

CONVOCATORIA DE IDEAS PARA MELLORAR A CONEXIÓN DA PRAZA DO MATADOIRO CO PARQUE DE BELVÍS CASA DA XUVENTUDE- PRAZA DO MATADOIRO- PARQUE DE BELVÍS

A proposta utiliza como punto de partida o antigo portalón de acceso do sanatorio Punte Castro: elimínase a porta física actual, e se constrúe un lintel simbólico de acceso, que visibiliza o parque dende a praza, co pano de fondo do arbolado traseiro.

O novo elemento se apoia sobre os muros de pedra existentes, e está formado por

unha estrutura de madeira de sección cadrada, ensamblada con madeira reciclada procedente do propio parque.

O carácter escultórico desta nova porta propicia que poda ser de volta reinterpretada ao longo do tempo variando a súa fixonomía.

A proposta inclúe tamén unha actuación puntual na casa da xuventude: eliminando o remate triangular dos hastiais metálicos dos corpos de galería, e retrasando o da cuberta para suavizala presenza dos seus volumes.

A cor rosada das súas fachadas pode entenderse como un resistente cultural da propia edificación e pode seguir manténdose.



Vista da praza do Matadorio co novo acceso ao parque de Belvís, e actuacións nos corpos de galería da Casa da Xuventude